	<ul style="list-style-type: none"> - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coitada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) - Reescritura definitiva. ■ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura. ■ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.). 	<p>información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral. 	<p>sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. ■ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
	<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fio do discurso, aínda que poidan producirse pausas para 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e 	<p>sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar. 		

TEMPORALIZACIÓN - GRAO MINIMO DE CONSECUCIÓN DA MATERIA – PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. 	Ao longo de todo o curso.	<ol style="list-style-type: none"> Comprende a información global e específica en textos orais emitidos por falantes e medios de comunicación na lingua estranxeira. Usa as estruturas básicas en función do contexto comunicativo. 	<ol style="list-style-type: none"> Uso de exames escritos. Probas orais. Observación directa. Actividades na aula. Traballos específicos.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. 			
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 			
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 			
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, 			

<p>cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender. 	<p>Ao longo de todo o curso.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Usa as estruturas básicas en función do contexto comunicativo. 2. Pode desenvolverse nunha conversa desenvolvendo preguntas e respostas en diferentes contextos. 3. Produce mensaxes orais e escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática 	<ol style="list-style-type: none"> a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos. f) Presentacións por parte dos alumnos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira 			

<p>sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 	<p>Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Comprende a información global e especifica en textos escritos tanto xerais como específicos (xornalísticos, correspondencia, webs)</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	<p>Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Produce mensaxes escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática e ortografía (correspondencia, notas, mensaxes)</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro). 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, 			

<p>fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. 	<p>Ao longo de todo o curso.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprega as convencións orais e escritas fundamentais da lingua. 2. É capaz de elaborar hipóteses a partir dos seus coñecementos. 3. Comprende e interpreta criticamente aspectos culturais vencellados a Francia. 	<ol style="list-style-type: none"> a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesia, tamén nas redes sociais. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesia usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 		<ol style="list-style-type: none"> 4. Emprega as convencións orais e escritas fundamentais da lingua. 5. É capaz de elaborar hipóteses a partir dos seus coñecementos. 6. Comprende e interpreta criticamente aspectos culturais vencellados a Francia. 	<ol style="list-style-type: none"> f) Uso de exames escritos. g) Probas orais. h) Observación directa. i) Actividades na aula. j) Traballos específicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións 			

sociolingüísticas da lingua meta.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 			

5. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos
<ul style="list-style-type: none"> - Libro de texto - Caderno de exercicios - Pizarra dixital - Lector CD - Dicionarios monolingües - Fichas de expresión oral - Fotocopias de apoio - Mostrás das probas de francés da antiga PAU

6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

6.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais
<ul style="list-style-type: none"> - A avaliación trimestral constará de 4 probas: <ul style="list-style-type: none"> .- Unha proba de competencias gramaticais .- Unha proba de comprensión e expresión escrita composta por diferentes textos de comprensión e textos de diversa lonxitude para a expresión escrita .- Unha proba de comprensión oral formada por exercicios de extensión variable de comprensión oral .- Unha proba de expresión oral: diálogos de extensión media por parellas, preparados previamente nas clases e memorizados para a proba de final de avaliación.
Avaliación final
<ul style="list-style-type: none"> - Ao tratarse dunha materia con avaliación continua non será necesaria ningunha proba específica de avaliación final
Avaliación extraordinaria
<ul style="list-style-type: none"> - A avaliación extraordinaria constará, por falta de datas no mes de setembro, dunha proba única de comprensión e expresión escrita 100% da cualificación

6.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación
<ul style="list-style-type: none"> - Proba de competencias gramaticais e de comprensión e expresión escrita 30%

-	Proba de comprensión oral	30%
-	Proba de expresión oral	30%
-	O 10% restante da cualificación final virá determinado pola valoración do comportamento na aula, o coidado do material e o interese pola materia	
-	Será necesario acadar un mínimo equivalente a un 3,5 en cada parte para poder facer media entre as diferentes probas	

7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Presenta situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais e coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas		

e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Presenta actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Presenta actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ningún dos alumnos de 2º de bacharelato teñen pendente a materia de 2LEF

9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

Nos primeiros días observarase aos alumnos na aula para detectar posibles dificultades á hora de desenvolver cada unha das catro destrezas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral, expresión escrita) así como a asimilación dos contidos lexicais e gramaticais.

O reducido número de alumnos neste grupo de 2º bacharelato non fará necesaria a realización de ningunha proba específica, ademais a docente que lles imparte clase este curso é a mesma que o curso pasado co cal non se fai necesaria a realización da proba.

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

Nos primeiros días observarase aos alumnos na aula para detectar posibles dificultades á hora de desenvolver cada unha das catro destrezas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral, expresión escrita) así como a asimilación dos contidos lexicais e gramaticais.

O reducido número de alumnos neste grupo de 2º bacharelato non fará necesaria a realización de ningunha proba específica

11. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

- Educación ambiental
- Educación para a igualdade de oportunidades
- Educación moral e cívica
- Educación para a paz, a non violencia e a cooperación
- Educación para a saúde
- Educación vial
- Educación para o emprego das Tics
- Educación sexual
- A educación do consumidor
- Educación para o desenvolvemento
- Educación para os medios de comunicación
- Educación para os dereitos humanos

13. Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos de 2LEF de 2º de bacharelato asistirán, xunto cos de 3º e 4ºESO e 1º de bacharelato á representación dunha obra teatral en Ourense. A obra será representada na súa versión íntegra francés. A data reservada para *Cyrano de Bergerac*, 28 de febreiro no Teatro Principal de Ourense

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Os profesores deben, segundo as regras da LOE, avaliar a práctica de ensino e aprendizaxe. Unha avaliación con criterios obxectivos vai axudar a mellorar a aplicación da metodoloxía e práctica de ensino, que actúan en favor da actuación dos profesores en clase, e o seu traballo tutorial. Un traballo ben feito e os resultados profesionais no éxito dos alumnos, que se refire o profesor ea persoa que auxilia-lo a mellorar a súa formación, demanda, compromiso e interese, pero tamén coa proximidade e comprensión. Esta avaliación pode abarcar os seguintes aspectos que poden ser avaliados por cada departamento de ensino:

- Lista de posíbeis probas diagnósticas iniciais realizados para estudantes.
- A avaliación do resultado xeral do seguimento da programación
- A avaliación do grao de satisfacción do profesorado cos obxectivos alcanzados polos alumnos.
- A avaliación do grao de eficiencia e velocidade de entrega das correccións e actividades de cualificación, así como feedback aos alumnos.
- Avaliación da eficacia dos criterios e instrumentos de avaliación aplicados.
- Informe sobre os resultados da recuperación e aprofundamento.
- Descrición e avaliación das actividades emprendidas para promover a lectura e comprensión de lectura.
- Descrición e avaliación das actividades coas TIC na aula.
- Descrición e avaliación das actividades complementarias e extra-curriculares cos alumnos.
- Descrición e avaliación da implantación de proxectos e intercambios educativos internacionais.
- Número de reunións realizadas no Departamento.
- Descrición e avaliación das actividades de investigación e profesor de desenvolvemento educativo, promovido no departamento.
- Descrición e avaliación das actividades promovidas polo Departamento de renovar os métodos de ensino.
- Necesidades de desenvolvemento da relación identificados polos profesores que se destinan a propoñer ou solicitar para o próximo ano.
- Outras consideracións